

Todo o que necesitas saber da **Admisión** a Graos

Cando deben solicitala

- ✓ Estudantes procedentes de Selectividade, dende outra Universidade española.
- ✓ Estudantes que veñan cursando estudos noutra Universidade e desexen trasladar o seu expediente, para continuar estudos na UNED.
- ✓ Estudantes matriculados noutra Universidade para simultanear estudos na UNED.

Os que non teñen que solicitala

- ✓ Estudantes xa matriculados na UNED, aínda que opten por trasladar o seu expediente a outros estudos dentro da UNED non teñen que solicitar admisión, o traslado de expediente realizarase automaticamente cando realicen a matrícula.
- ✓ Se ten un título académico que lle habilite para cursar estudos na UNED e non ten outros estudos parciais noutra Universidade española non ten que solicitar admisión, pode matricularse directamente, a partir do 4 de setembro, presentando unha copia cotexada do seu título (ou resguardode telo solicitado) no seu caso.

Prazo de presentación

Prazo único do 18 de xuño ao 16 de outubro de 2013.

Modo de presentación

Por internet, a través do correspondente impreso electrónico.

Para solicitar máis información da Admisión

Sede A Coruña: 981 14 50 51. info@a-coruna.uned.es.

Sede Ferrol: 981 36 40 26. info@ferrol.uned.es

Sede Central Madrid: www.uned.es

Qué pasa unha vez tramitada a solicitude de Admisión

- ✓ Unha vez enchido o formulario de Solicitude, deberá imprimir a carta de Admisión.
- ✓ A validez da resolución de admisión está condicionada a que o interesado cumpra os requisitos establecidos na normativa vixente no momento da formalización da súa matrícula.
- ✓ A súa validez limitase ao curso académico 2013/2014, non tendo efecto para outro ou outros posteriores.

Qué pasa unha vez concedida a Admisión

- ✓ Unha vez concedida a admisión, deberá presentar a carta na Universidade de orixe, alí emitiranlle un documento, debidamente selado, no que deberá figurar que solicitou traslado de expediente, este documento debe entregalo coa súa matrícula.